



Escolar Infantil en pista

Pontevedra, 28 de marzo de 2020
Centro Galego de Tecnificación Deportiva



Art.1). As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 20:00 horas do martes 24 de marzo.

Art.2). **Limitación na inscrición:** Cada atleta poderá participar como máximo en tres probas das que compoñen o programa, cun máximo de dúas carreiras. No caso de participar en 2 carreiras, só unha poderá superar os 250m. **As remudas non computan como proba.**

Art.3). **Participantes por entidade:** Cada entidade poderá participar co número de participantes que desexe, a excepción dos concursos, nos que o número máximo de participantes por entidade, proba e categoría será de 6. Na proba de remudas, de haber máis de 16 equipos inscritos, limitarase o número de equipos por entidade.

Art.4). Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo de descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Art.5). Os dorsais serán recollidos polo delegado do club ata media hora antes do comezo das probas.

Art.6). **Número de intentos:** Realizaranse tres intentos nos concursos, agás nos saltos verticais.

Art.7). **Cadencias:**

Pértega	1.40	1.50	1.60	1.70	1.80	1.90	2.00	2.10	2.20	10/10 cm
Altura	0.90	0.95	1.00	1.05	1.10	1.15	1.20	1.25	1.30	3/3 cm

Art.8). **Distancia das táboas:**

Triplo*	6 e 8 m.
Lonxitude	2 e 3 m.

*Carreira máxima de 15 m.

Art.9). Nas probas de velocidade e valados é obrigatoria a saída con 4 apoios (con ou sen tacos).



Escolar Infantil en pista
Pontevedra, 28 de marzo de 2020
Centro Galego de Tecnificación Deportiva



Art.10). Horario:

CATEGORIA MASCULINA		HORA	CATEGORIA FEMININA	
Lonxitude		10:00	220m.v. (0,76)	Altura
Martelo 2kg				Martelo 2kg
	220m.v. (0,76)	10:10		
	2000 marcha	10:25	2000 marcha	
		10:50	80ml	
Disco 800gr		11:00		Disco 800gr
	80ml	11:10		
Pértega		11:20		Pértega
				Lonxitude
	2000m	11:35	2000m	
	1000m.ob	11:50	1000m.ob	
Altura		12:00	500m	Xavelina 400gr
	500m	12:10		
Peso 3kg		12:20	80m.v. (0,76)	
	80m.v. (0,84)	12:30		
T. salto*		12:45	1000m	T. salto*
Xavelina 500gr	1000m	13:00		Peso 3kg
		13:05	150m	
	150m	13:20		
		13:35	4x80m	
	4x80m	13:45		

Art.11). Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A, R.F.E.A. e W.A.